

2.^a edición do ciclo de

CINEMA

A lingua galega no cinema



Entrada de balde ata completar a capacidade

Outubro e novembro de 2025
Auditorio do Parque Nacional das Illas
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)
Rúa da Oliva, núm. 3. Vigo

2.^a edición do ciclo de

CINEMA

A lingua galega no cinema



Entrada de balde ata completar a capacidade

Outubro e novembro de 2025
Auditorio do Parque Nacional das Illas
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)
Rúa da Oliva, núm. 3. Vigo

Universidade de Vigo

A lingua da historia

15 de outubro, ás 19.00 h

Filmei paxaros voando, de **Zeltia Outeiriño**

Ano 2024. Duración: 100 minutos.

Zeltia, tras dúas décadas en Barcelona lonxe da súa Galicia natal e da súa nai Socorro, unha muller conservadora da que se afastou, regresa á súa terra para filmar unha película e explorar o seu desarraigamento familiar. Na súa procura de respostas, segue a vida do seu tío Antonio, un artesán téxtil co que se identifica pola súa creatividade e visión da vida. Con todo, é coa súa nai con quen realmente se reencontra, sobre todo cando a saúde de Socorro empeora. Entre rodaxes e coidados, nai e filla atopan un espazo para sandar vellas feridas e compartir momentos de complicidade e de amor. O filme está gravado entre Vigo e Ourense.

Seleccións e premios: Mención especial do xurado en L'alternativa 2024, Cineuropa 2024 e Premio Mestre Mateo 2025 Mellor Documental.

Intervén: Zeltia Outeiriño (cineasta) e Simone Saibene (moderador).

A lingua da literatura e da historia

22 de outubro, ás 19.00 h

Antes de nós, de **Ángeles Huerta**

Ano 2022. Duración: 84 minutos.

Unha parella, dous momentos. Un baile continuo de separación e de reencontro. Dúas historias entrelazadas. En 1918, Castelao deixa a súa praza de funcionario en Pontevedra para traballar como médico en Rianxo durante a gripe española. Un heroe para o pobo, pero un home ausente para a súa muller Virxinia. En 1929, o matrimonio percorre Bretaña poucos meses despois da perda do seu único fillo. Dous seres rotos e un vínculo que xa non se entende.

Unha viaxe que os vai unir para sempre. Castelao antes de ser Castelao. Galicia antes da Xeración Nós. Castelao e Virxinia antes de ser «nós».

Intervén: Cristina Iglesias (actriz) e Simone Saibene (moderador).

A lingua da historia

29 de outubro, ás 19.00 h

Prefiro condenarme, de **Margarita Ledo Andión**

Ano 2024. Duración: 88 minutos.

Parte dun xuízo por adulterio contra unha mariscadora da ría de Ferrol durante a ditadura, en 1972. O tribunal eclesiástico de Compostela, que asume competencias civís, contra todo pronóstico absolve a Sagrario Ribela Fra. Ten 33 anos. Recompoñer as pezas desta historia lévanos a unha personaxe popular capaz de confrontar as regras que, tamén no terreo dos afectos, a encerran nun papel de subalterna. E se emerxe a violencia, os malos tratos, a falta de dereitos á vez que unha atmosfera social opresiva, en realidade do que trata a película é do que todas e todos desexamos: querer e que te queiran.

Intervén: Margarita Ledo Andión (cineasta) e Simone Saibene (moderador).

Curtametraxes galegas

5 de novembro, ás 19.00 h

Unha selección das curtametraxes galegas máis premiadas dos últimos tres anos.

A cargo do crítico de cine e programador Severiano Casalderrey xunto con Simone Saibene, organizador do ciclo.

Na pel da memoria, de **Coral e Laura Piñeiro**

Ano 2022. Duración: 14 minutos.

Unha carta a Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano da vila onde nace a nosa remitente. Mariví, con 14 anos, vese obrigada a exiliarse por culpa do golpe de Estado. Teñen as súas vidas algo que ver? Son visibles as pegadas das persoas e das historias que nos precederon nos lugares onde medramos?

Seleccións e premios: Play-Doc 2023 (Competición Galicia); Festival de Cans 2023: Premio FuraCáns á Mellor curta de non ficción; FICBUEU 2023 (Competición Galicia 0.0); OUFF 2023 (Panorama Galicia); e Premios CREA 2023: Mellor curta documental.

To bird or not to bird, de **Martín Romero**

Ano 2023. Duración: 9 minutos.

«To bird or not to bird», esa é a cuestión. Unha mirada crítica e calidoscópica do mundo actual contada a través das traxicómicas e esperpénticas vivencias duns paxaros que adoptan os mesmos hábitos, preocupacións e enfermizas obsesións dos seres humanos.

Seleccións e premios: ZINEBI 2023; ALCINE 2023: Mellor animación - Mellor música orixinal; IMAXINARIA 2024: Premio Territorio; Berlin Sci-Fi FilmFest 2024: Mellor curta de animación; e Premios Goya 2024: Mellor curta de animación.

Histeria do meu pequeno mundo, de **Pablo Fontenla**

Ano 2024. Duración: 7 minutos.

Nun futuro dominado pola predición computarizada e polo control político e social, un cidadán normal cuestiona a verdadeira autonomía humana nun mundo cada vez máis controlado polas máquinas.

Seleccións e premios: Festival de Cans 2024; Curtocircuíto 2024; INTERSECCIÓN 2024; XOCIVIGA 2024; e IbizaCineFest 2025.

Pura, de **Carmen Méndez**

Ano 2024. Duración: 24 minutos.

Unha muller volve á casa para lembrar(se) e recoñecerse. Colle unha cámara e filma por primeira vez. O retrato da súa nai e da súa avoa é tamén o seu propio retrato. Grazas a elas, reconcíliase co lugar e cos recordos.

Seleccións e premios: Curtocircuíto 2024: Premio Supernova - Premio Cátedra Cruz Roja-USC; XOCIVIGA 2024; BogoShorts 2024; Festival de Aguilar de Campoo 2024: Mellor curta de dirección feminina - Mellor montaxe - Premio do público; e Premios Mestre Mateo 2025: Mellor curtametraxe.

Abellón, de **Fon Cortizo**

Ano 2024. Duración: 18 minutos.

Álex (Machi Salgado) está bloqueado. Traballa como escritor de audio de películas para persoas con discapacidade visual. O seu avó ten máis de cen anos e dende hai meses un ruído pertúrballe os seus sonhos. Xa non pode distinguir entre os seus sonhos e a realidade. Lucía (Çorina Alfonso) é cega de nacemento. Ela axuda a Álex mostrándolle como percibe, como soña, como se sente. Álex necesita sentir.

Seleccións e premios: ZINEBI 2024: Premio do público EITB; Short From Galicia 2024 (selección oficial); IbizaCineFest 2025; e Premio Festival de Moscú 2025.